



Sociedade Galega
da dor e coidados
paliativos



Hoxe, 17 de outubro, co gallo do Día Mundial da Dor declarado pola OMS e a IASP, adicado este ano á dor de espalda, queremos lembrar a importancia da dor e o seu impacto na poboación.

A dor é o problema de Saúde que con maior frecuencia motiva unha consulta médica. Segundo a Enquisa Nacional de Saúde, o 18,50% dos españois maiores de 15 anos sofre dor lumbar, sendo o segundo problema de saúde mais común trala hipertensión arterial. Pero en Galicia chega a ser de feito o primeiro problema de saúde, cunha prevalencia dun 27,63%, probablemente debido ao envellecemento da poboación e ao seu perfil laboral.

Por outra banda, a dor non só é un problema asociado ao envellecemento, senón que os problemas do lombo e/ou pescozo son os que máis frecuentemente interfíren no emprego. Cada ano, miles de galegos vense obrigados a ficar na casa, perder o traballo ou incluso verse incapacitados para traballar pola dor.

Moitas veces non lle otorgamos a súa debida importancia, antepoñendo outras patoloxías máis graves que incluso poñen en risco a vida. Evidentemente, non podemos esquecer a pandemia que vimos sufrindo durante estes anos. Pero precisamente por estes motivos é importante que recordemos con máis forza a importancia de resaltar os problemas asociados á dor crónica.

Por todas estas razóns, dende a Sociedade Galega da Dor e Coidados Paliativos (SGADOR) e a Asociación Galega de Anestesia, Reanimación y Dolor (AGARyD) reclamamos neste manifesto:

- A importancia de poñer en valor a dor crónica o @s pacientes que a sofren
- A necesidade de retoma-la senda da Estratexia Galega contra a Dor e da Comisión Galega da Dor
- A potenciación das Unidades da Dor que son xa elementos fundamentais da atención á dor crónica
- O impulso da atención primaria como axente fundamental de tratamento e a conexión eficiente e multidisciplinar dos niveis asistenciais
- O crecemento de estratexias de educación e promoción da saúde en pacientes con dor crónica, así como o acceso a actividades adaptadas ós seus problemas

Pablo López Pais
Presidente de SGADOR

Servando López Álvarez
Presidente de AGARyD



**Sociedade Galega para o Estudo e
Tratamento da Dor e Coidados Paliativos**
info@sgador.com



**Asociación Galega de Anestesia,
Reanimación y terapéutica del Dolor**
secretaria@agaryd.com